LUCES DE ALÉN MAR

AS ESCOLAS DE AMERICANOS EN GALICIA



ORGANIZADORES
Arquivo da Emigración Galega.
Consello da Cultura Galega
Secretaría Xeral da Emigración.
Xunta de Galicia

COMISARIADO
Vicente Peña Saavedra

DOCUMENTACIÓN
Carolina García Borrazás
M.ª Teresa García Domínguez

AGRADECEMENTOS
- **Agrupación de Sociedades Representativas de Municipios y Parroquias de Galicia, Cuba**
- **Agrupación Instructiva de Caamouco (Ares)**
- **Asociación Centro Cultural "Libro Vivo", San Claudio (Ortigueira)**
- ***de*historia. Historia. Cultura. Patrimonio, s.l.l.**
- **Asociación Cultural "Os Pereiriños" (A Estrada)**
- **Biblioteca de Galicia**
- **Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)**
- **Centro Galicia de Buenos Aires. Colexio Santiago Apóstol**
- **Concello das Pontes de García Rodríguez**
- **Concello de Lalín**
- **Concello de Vedra**
- **Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina**
- **Federación de Sociedades Gallegas de Cuba**
- **Hermandad Gallega de Venezuela**
- **Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento**
- **Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)**
- **Real Academia Galega**
- **Universidade de Santiago de Compostela**
  - **Biblioteca Universitaria**
  - **Arquivo Histórico Universitario**
- **Alberto Martí Villardefrancos**
- **Almudena Sánchez**
- **Guillermo Escrigas Rodríguez**
- **Henrique Dacosta**
- **Luz Paz Agras**
- **Manuel Souto López**
- **Marisé García Hermida**
- **Marta Marcos Maroño**
- **Entidades e particulares que colaboraron no proxecto da web "As escolas da emigración"**

GRÁFICA
Imago Mundi Deseño

IMPRESIÓN
Alva Gráfica

Depósito legal
C 1266-2012

ISBN
978-84-92923-38-0

© Dos textos, Consello da Cultura Galega
© Das imaxes, Arquivo da Emigración Galega
© Desta edición, Consello da Cultura Galega

LUCES DE ALÉN MAR

AS ESCOLAS DE AMERICANOS EN GALICIA

NO CENTENARIO FUNDACIONAL DAS SOCIEDADES GALEGAS DE INSTRUCIÓN RADICADAS EN AMÉRICA E DAS SÚAS REALIZACIÓNS ACADÉMICAS NAS LOCALIDADES DE PROCEDENCIA

LUCES DE ALÉN MAR E ABRENTES ESCOLARES DE ESPERANZA

Cando o lexislador precisou que unha das funcións do Consello da Cultura Galega era "a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego", apuntaba tamén, sen citalos, aos valores desenvolvidos e fomentados desde as colectividades e sociedades de emigrantes, nomeadamente os acollidos en diferentes países do continente americano. Valores, iniciativas e realizacións materializadas en terras afastadas e axiña proxectadas así mesmo en Galicia, como mostra da determinación e do compromiso dos emigrados na mellora das condicións da vida e no acceso á educación e á cultura na Terra que os vira nacer.

Das deficiencias na instrución pública e das carencias educativas falaban adoito os altos índices de analfabetismo, que lastraban o desenvolvemento de Galicia e, xa que logo, polo menos nunha primeira fase, o desempeño e as posibilidades de mellora laboral e social "dos que noutras terras ten que buscar pan", na expresión rosaliana.

Foi esa a primeira preocupación das sociedades creadas pola emigración galega e así xurdiron os proxectos de construción e dotación de varios centos de escolas nos catro puntos cardinais galegos. As *escolas de americanos* foron un facho polas *luces* que difundían e proxectaban na escolarización e na formación de menores e maiores.

O Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega vén traballando desde os seus inicios, en 1992, na recuperación e posta en valor da memoria e dos importantes legados dos emigrantes galegos. Moi logo prestou atención ás accións solidarias e exemplarmente altruístas daqueles que financiaron, implementaron, custearon e sostiveron as construcións escolares, retribuíndo a Galicia coas remesas propiciadoras da escolarización e da instrución. Un caso único o de Galicia, por certo, na historia das colectividades de emigrantes.

Para a realización destes e doutros proxectos de recuperación, ordenación e estudo do patrimonio legado polos nosos emigrantes contou, e conta, o Consello da Cultura Galega coa colaboración e axuda da Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia. Esta parcería fixo posible, entre outros proxectos, a catalogación das construcións escolares financiadas polos emigrantes nas catro provincias galegas e, tamén, a exposición que agora presentamos.

Luces de alén mar. As escolas de americanos en Galicia vén a subliñar, dunha parte, a dimensión da efeméride do centenario fundacional das Sociedades Galegas de Instrución radicadas en América e, doutra, as súas realizacións académicas nas localidades de procedencia dos emigrantes. Foi, polo demais, unha feliz coincidencia a circunstancia da estrea e a primeira visualización desta exposición polos participantes nas sesións de traballo realizadas polo Consello de Comunidades Galegas en Santiago de Compostela nos últimos días deste mes de xuño de 2012.

A mostra percorrerá Galicia para dar testemuño da conciencia, da determinación e do compromiso das sociedades de emigrantes e para difundir, honrar e agradecer tan nobres e exemplares iniciativas: varios centos de escolas construídas nas décadas finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX, que tanto contribuíron á mellora educativa e ao progreso cultural de Galicia e das súas xentes.

Se quen fai o que pode e obra ben merece o recoñecemento polo seu ben facer, máis fondo ha ser o recoñecemento e o agradecemento, "na posterioridade e na Historia" –como diría Curros–, para aqueles que foron máis alá e fixeron

moito máis do esixible, construíndo, promovendo e sostendo ás súas expensas a educación, a instrución e o desenvolvemento das xentes e dos pobos; para os precursores das orientacións pedagóxicas, que xurdirían coa II República; para os que nas Cortes Constituíntes de 1933 reclamara o deputado galego Leandro Pita Romero "un recoñecemento oficial e unha manifestación de gratitude".

As *luces de alén mar* axudaron a acender moitas outras luces e propiciaron en Galicia abrentes de esperanza, agora subliñados nesta exposición, ideada para axudar a difundir, coñecer e agradecer tan instrutivo compromiso solidario ao servizo da galeguidade onte, hoxe e sempre.

Ramón Villares
Presidente do Consello da Cultura Galega

Sobran probas de que os emigrantes galegos en América deixaban o corazón na súa terra de orixe. Todos temos na retina fotografías de arrepiantes adeuses nos portos ou, na memoria, relatos literarios que falan de feridas abertas para sempre en millóns de familias. Pegadas históricas dun desgarro que aínda sufrimos, pero que tamén nos deixou unha fonda e viva chama cultural e arquitectónica en forma de escolas doadas por aqueles veciños que foron sementar Galicia á outra beira do Atlántico.

Esas escolas, moitas delas reconvertidas hoxe para outras funcións, son testemuño vivo daquel amor dos fillos para cunha terra que non lles podía garantir un futuro. Hai quen ten comparado Galicia cunha nai que non foi quen de alimentar no pasado toda a súa prole; hoxe quero engadir que, se iso é así, ben se pode dicir que os seus fillos nunca llo reprocharon e que foron capaces de loitar para mellorar as condicións de toda a gran familia galega.

Fixérono a través da mellor arma de futuro, a Educación. Para moitas rapazas e moitos rapaces nados en aldeíñas e vilas pequenas, o primeiro contacto coa instrución foi a través daquelas escolas doadas por emigrantes. E cómpre aquí lembrar que, se Galicia aínda é unha das zonas máis rurais de toda Europa, daquela, cando marchaban a América os primeiros continxentes de galegos emigrados, máis do noventa por cento da poboación residía en vilas menores. Podemos aventurarnos a dicir, entón, que nove de cada dez galegas e galegos non tiñan opción real de cursar estudos regrados.

Unha situación que se revelaba especialmente grave para as mulleres, que foron as grandes sufridoras nos procesos migratorios e seguen a ser as grandes esquecidas da diáspora. Á muller tocoulle o papel de actuar de soporte vital para a familia cando o home emigraba; e, se tiña a suposta "fortuna" de poder acompañalo, o seu papel era sempre secundario, pero non menos esforzado. Decote, a muller traballaba arreo canda o home, peor ou nada pagada, menos recoñecida social e familiarmente, e cun importante peso moral ás súas costas cando, obrigadas polas circunstancias, aquelas familias deixaban os cativos na Galicia territorial… A instrución que fixo posible a doazón dos indianos supuxo para ducias de miles de galegas a oportunidade de redimirse daquel camiño incerto e infeliz ao que as súas nais se vían abocadas.

Non é nova esta nosa inquedanza por poñer en valor o papel histórico e cultural daquelas escolas de americanos. Segundo se reflicte acertadamente no último dos paneis da exposición, xa nas sesións constituíntes da Segunda República solicitábaselle ao goberno entrante recoñecer o labor e a importancia destes centros de educación. Son moitos os testemuños neste sentido que se poden atopar en escritos e gravacións de autores de moi distinto signo e condición, no sentido de reivindicar estas pezas na súa xusta —innegablemente importante— medida.

Hoxe, eu quero facelo. Hai un valor arquitectónico nestas edificacións aínda non abondo estudado, pero que cómpre lembrar e poñer en valor. Existe, ademais, un sentido cultural e histórico que ninguén ignora, e que mesmo quedou reflectido nos debuxos do eterno Castelao, como tamén se pode ver na mostra. Pero, sen restar importancia ao anterior, o que hoxe quero salientar é a relevancia etnográfica e social destes testemuños singulares do noso pasado, que seguen presentes no noso día a día e que espertarán, sen dúbida, o interese de moitos dos galegos do futuro.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración
Xunta de Galicia

O COMPROMISO EDUCATIVO CO FUTURO DA TERRA

De allí ha de venirnos la luz.
MANUEL MURGUÍA

La escuela que sostenemos:
Templo y fragua.
En ella se ora por el porvenir y se forjan las ideas.
SOCIEDAD DE INSTRUCCIÓN PUENTE DE MERA

Eduquemos a los pequeños y todo cambiará milagrosamente.
FERROL Y SU COMARCA

Instruídos los niños de nuestras parroquias,
que serán los hombres del mañana,
el progreso y el auge del Distrito es seguro e indiscutible.
VIVERO Y SU COMARCA

NOS albores desta segunda década do século XXI sucamos o ecuador do treito en que se cumpre o centenario fundacional das *Sociedades Galegas de Instrución* radicadas en terras ultramarinas e das *Escolas de Americanos* custeadas por elas na Galicia metropolitana. Unha iniciativa senlleira, tanto no que fai á dinámica asociativa dos galegos no exterior, coma no tocante á historia da educación no territorio compartido en común polas distintas formacións que, dende alén mar, concorren nos procesos de articulación comunitaria e intervención colectiva no eido do ensino.

Ambos os dous procesos non son novos, senón que posúen un delongado percorrido, cuxa xénese arranca xa do solpor da primeira metade do século XVIII, na súa fase protohistórica, e do abrente dos anos oitenta do XIX, na súa etapa histórica plena. Pero foi precisamente hai agora arredor de cen anos cando a variante de intervención escolar mancomunada madureceu e se expandiu, para encamiñarse cara ás localidades que lles servían de referencia nos lugares de orixe dos seus promotores ás entidades constituídas en América. Comezaba a súa andaina daquela un dos movementos societarios de maior frondosidade entre cantos se acubillan no fardel recente do país, coetáneo doutros coma o agrarismo ou a fervenza do xornalismo local, cos que, en non poucas demarcacións, mantivo estreitos víncullos e fértiles relacións de intercambio e reforzo cooperativo. Boa proba da fortaleza e do pulo que a dinámica de integración colectiva acadou son as 546 entidades censadas da outra banda do Atlántico, que abranguen no seu radio de cobertura a meirande parte da xeografía galega, como se pode apreciar na propia cartografía desta exposición; aínda que logo, conforme tamén se amosa no mapa correspondente, a súa obra non chegase a callar na totalidade dos enclaves aos que se recoñecían adscritas.

Con independencia do desigual arraigamento e grao de materialización do labor emprendido nas distintas zonas do soar galego, estas agrupacións de alcance microterritorial tiveron a capacidade de alentar na singradura duns cinco lustros o que merece ser definido sen hipérbole, ficción nin oufanía de ningún tipo, como

a experiencia de educación e escolarización popular máis sobranceira que se rexistra na Galicia contemporánea. E iso malia que, polo regular, se desenvolveu de maneira espontánea, sen dirixismos nin tutelas macroorgánicas e adoito moi pouco coordinada, dado que case sempre o esquema atomizado se impuxo fronte a outras fórmulas de funcionamento de carácter global e unitario para a totalidade do país. Quen sabe se esa constituíu, ademais, a súa principal valencia nun espazo onde imperaba sen atrancos nin excepcións a hexemonía do minifundio.

Dende os miradoiros privilexiados do éxodo e apelando á experiencia acumulada na súa bagaxe vital, os emigrantes percibiron coa clarividencia indispensable as eivas do mundo que deixaban atrás e ás que con teimosía responsabilizaban das penurias que padecían cando tentaban buscar fóra, polo mundo adiante, a sorte que na contorna próxima da casa se lles negaba. Entre esas carencias decote aparecía a escaseza e a paupérrima calidade das escolas que algúns deles –os máis afortunados– frecuentaran con dispar asiduidade antes da partida, fornecéndoos dunha minguada preparación académica que apenas lles ofrecía oportunidades para a competencia e a mobilidade no mercado laboral das urbes transoceánicas onde se asentaban. Unha mudanza de mentalidade empezaba a aniñar nestas xentes, a cal non tardaría en precipitarse en comportamentos concretos, sempre baixo o efecto catalizador exercido polas elites cultas, partícipes da epopea. Caeron na conta entón de que, para neutralizar o andazo que os viña magoando e evitar que se repetise indefinidamente, cumpría intervir sen dilación de xeito corporativo –a única estratexia posible cando de emigrantes comúns se trataba– a prol do fomento e a prosperidade do país, principiando por favorecer aos sectores poboacionais que representaban o porvir (os "pinos novos") e recorrendo ao resorte con potencialidades semiprodixiosas de seu (a educación) para –ao entender deles– propiciar o cambio degoirado. E así o fixeron cando as circunstancia resultaron acaídas para acometer o proxecto.

Dese esforzo colectivo xurdiron cando menos 250 establecementos escolares, que se repartiron de maneira heteroxénea polas parroquias e os concellos de Galicia. Nalgunhas zonas densificouse ostensiblemente a concentración de equipamentos docentes, como ocorreu na franxa norte das provincias da Coruña e Lugo, con extensas incursións cara ao interior desta última, ou nos lugares centrais da primeira con prolongacións aos municipios limítrofes da de Pontevedra.

Con estas áreas exuberantes contrastan outras ermas en dotacións para ensino procedentes das microcolectividades de América, como a vertente oriental das provincias de Lugo e Ourense, con amplas ramificacións contra as comarcas do eixe nodal da primeira e meridional da segunda, e tamén varias illas espalladas polas outras dúas circunscricións provinciais, como patentiza o mapa que se acompaña.

Pero por riba dos recontos, frecuentemente provisorios, sobresaen os perfís duns *planteis* escolares que os patrocinadores devecían por empapar de atributos modernos, segundo testificaban nas súas declaracións programáticas. E así o consumaron, non poucas agrupacións, cando lograron reunir os recursos necesarios. A mostra máis contundente desta vontade renovadora atopámola no variado repertorio de edificios que erixiron para albergar os seus *templos de saber*, dende os máis modestos e accesibles até os máis monumentais, rutilantes e onerosos. Con todo, a modernidade proclamada non fica exclusivamente cinguida ao parque inmobiliario. A carón del figuran os idearios pedagóxicos inspiradores do quefacer diario nas aulas; os renovados e, por veces, híbridos e funcionais plans de estudos; os materiais de ensinanza inusitados nas escolas do seu tempo; o corpo profesoral cualificado que arreo propugnaban; a concepción aplicada, práctica e utilitaria do ensino que preconizaban; a metodoloxía didáctica de novo cuño pola que avogaban; as actividades e institucións complementarias que paralelamente ensaiaban; a implicación acotío dos escolares coa veciñanza; a apertura á vida e ao mundo; o compromiso coa Terra e o seu porvir, entre outros aspectos que cabería citar con algo máis devagar. Refachos de aire fresco para unha escola que naquel contexto permanecía ancorada en moldes vellos e dormente de costas ao futuro. Porén, non todos cantos cohabitaron cos colexios dos *americanos* quixeron velos así. Houbo entón voces e pareceres que se cruzaron entre o eloxio afervoado e a crítica aceda. O pouso do tempo acabou por poñer a cada quen no sitio do que era merecente.

Os galegos de hoxe en día, nacidos acó e acolá, continuamos a ser beneficiarios dunha forma máis que simbólica desa actuación solidaria e xenerosa empeñada en trenzar horizontes esperanzadores cos fíos sempre sutís e engaiolantes do nobelo da educación. Un legado inesgotable para as vindeiras xeracións. Unha lección viva e positiva dun pasado imperecedoiro para un presente que se actualiza en cada amencer. Que prosiga a iluminar como ben patrimonial rendible, facho de luz e sinal de identidade colectiva dun pobo, os vieiros do mañá co fulgor ardente que noutrora lle imprimiron os seus mentores, nestas xeiras bretemosas de incerteza.

Persuadidos por estes pensamentos, dende hai varios anos vimos traballando no Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega co apoio da Secretaría Xeral da Emigración na elaboración do inventario e na catalogación das escolas dos emigrantes en Galicia. Froito do labor feito até o momento é a exposición que acompaña o presente catálogo. E tamén o sitio web http://mapas.consellodacultura.org/escolas/, en proceso de construción, onde pode verse un adianto dos resultados que se van obtendo. Fonda gratitude, como cabo deste limiar, para as dúas institucións que dan abeiro ao proxecto.

Vicente Peña Saavedra
Comisario da Exposición

ÍNDICE

15 **Os piares humanos do éxodo**

17 **Pioneiros: a filantropía docente dos indianos galegos**

20 **Asociacionismo e instrución en destino: do prealbar á actualidade**

22 **Cos ollos na Terra**
O compromiso colectivo nacente
23 Panorama do ensino en Galicia

25 **Xénese e floración das sociedades microterritoriais**

29 **Semente educativa para tempos novos**

32 **As raiolas alumean a aldea**

35 **Templos de saber**
36 A Coruña
37 Lugo
38 Ourense
39 Pontevedra

40 **Enxoval, programas e textos**

44 **O día a día nas clases**
Intra muros
46 Extra muros

48 **Algo máis que centros escolares**

49 **Voces e reaccións coetáneas**

51 **Polo ben público e do Estado**

53 **Actualidades e porvires**

55 **Final sen fin: as derivas dun patrimonio comunitario**

Os piares humanos do éxodo

Na Galicia do solpor do século XIX e do abrente do XX, a emigración deixou sentir a súa pegada sobre todas as esferas da realidade social do país, desde o manto da súa paisaxe até a nervura da súa cerna. E favoreceu procesos de mudanza en todos os recantos da Terra. Non podía ocorrer doutro xeito tratándose dun fenómeno de extraordinarias magnitudes, que de 1881 a 1936 orixinou arredor de millón e medio de saídas de efectivos humanos.

La sangría de la emigración gallega no se detiene ni menos se corta... cientos de hombres y ¡ay! también mujeres, abandonan uno y otro día, los patrios lares, en su anhelo de buscar en el Nuevo Mundo la prosperidad, el bienestar anhelado.

El Eco de Galicia, Bos Aires, 1901.

Emigrantes embarcando no porto da Coruña, c. 1915

Barco de emigrantes cara a América, c. 1945

Porto de Vilagarcía

Barco con emigrantes fondeado na baía da Habana

Emigrantes embarcando no porto de Vigo, c. 1910

Inmigrantes chegando a Bos Aires, c. 1920



Porto da Habana, 1908

Os piares humanos do éxodo

Una de las regiones que más padecen con la emigración es Galicia, la tierra azotada por los caciques, la que sufre todos los males y todas las injusticias con resignación y mansedumbre, la que es abandonada por sus hijos […]. La emigración, digan lo que quieran los partidarios de ella, es funesta para España porque esa juventud que viene á América es elemento poderoso de vida que pierde aquel país.

Mercedes Vieito Bouza, *Galicia,* A Habana, 1905.

Cuberta do apropósito lírico-dramático *Non máis emigración*, de Ramón Armada Teijeiro, primeira zarzuela galega representada en América. A Habana, 1885-1886



A LOS EMIGRANTES GALLEGOS

Debido al mal trato que la Compañía Trasatlántica Francesa viene dando a los pasajeros de tercera clase, por lo que en diferentes ocasiones han protestado, igual que nosotros, toda la prensa diaria cubana, por humanitarismo o afinidad de clase, aconsejamos a todo el elemento gallego y a los trabajadores en general, que tengan que viajar, no embarquen en la citada compañía de vapores, ni en caso hagan de los traficantes de "carne humana" llamados embarcadores, que por unas cuantas pesetas que quizás les dé más, esta Empresa, engañan miserablemente al inmigrante.

La prensa gallega de allende el mar, está en el deber de denunciar estos hechos que no le son desconocidos.

¿Por qué los silencia?

***Eco de Galicia*, A Habana, 1920**

Emigración galega cara a América

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1881-1890	77.899	11.984	5.193	61.920	156.996	399.483
1891-1900	73.599	20.193	24.369	61.857	180.018	491.320
1901-1910	117.919	85.998	116.239	79.908	400.064	1.050.037
1911-1920	135.860	99.082	133.924	92.065	460.931	1.209.795
1921-1930	79.489	63.311	70.000	77.700	290.500	777.778
1931-1936	12.598	10.035	11.095	12.315	46.043	123.275
TOTAL	497.364	290.603	360.820	385.765	1.534.552	4.051.688

Fonte: A. Eiras Roel, 1993



Pero la emigración […] es también un progreso de los hombres; dáles la vista de otros mundos, nuevas ideas, principios más expansivos y sentimientos más delicados y tiernos; en una palabra, los hace más humanos y doblemente entusiastas de la perdida patria.

Ramón Castro López, *La emigración en Galicia*, A Coruña, 1923.

Neno emigrante que perdeu o barco na Coruña; máis tarde embarcaría no porto de Vigo, 1960.
Foto de Alberto Martí



Pioneiros: a filantropía docente dos indianos galegos

Cando menos dende comezos do século XVII, os galegos do exterior non deixaron de enviar remesas destinadas á mellora da oferta escolar nas súas localidades de procedencia. Pero esta acción intensificouse de maneira moi notoria a partir das décadas finais do XIX e durante o primeiro terzo do XX, mantívose latente e tenue, pero activa e por veces escintilante, até os nosos días.

Van siendo ya legión en Galicia los filántropos ilustres que dejan sentir los beneficios de su generosidad á sus paisanos, impulsados tan solo por el deseo de practicar el bien. En pocos años han podido registrarse donaciones tan espléndidas como la de Blanco, que fundó un instituto en Ceé; como la de Da Guarda, que regaló edificios para Instituto, escuelas y templos en Coruña; como la del marqués de Amboage, que legó una millonada para librar del servicio militar á los ferrolanos; como la de Policarpo Sanz, que dejó su fortuna á Vigo; como la de García Barbón, que funda magníficas escuelas en Verín y en Vigo, repara los caminos de su pueblo, subvenciona obras de carácter público y costea la reparación de templos.

Galicia. Revista Semanal Ilustrada, A Habana, 1902.

José García-Barbón y Sola

Generoso, José e Benito Barcia Boente

Rogelio García Yáñez e a súa dona

Colexio San José, Verín

Escolas Barcia, Padróns, Ponteareas

Escolas Concepción Yáñez, Ramirás

Irmáns Jesús e Juan María García Naveira

Estatua de Eumenio Ancochea Boscossi


Remigio Ramón Nieto Otero

Escolas Hermanos García Naveira, Betanzos

Colexio Santa Leonor, A Pobra de Trives

Escolas Nieto, Lavadores (Vigo)

Fernando Blanco de Lema

Pedro Murias Rodríguez

Estatua de Pedro Murias Rodríguez

Escola Agrícola Pedro Murias, A Devesa, Ribadeo

Colexio da Fundación Fernando Blanco de Lema, Cee

Pioneiros: a filantropía docente dos indianos galegos

Que con dichos bienes y sus productos funden en mi pueblo natal y casa en que nací un Colejio de primera y segunda enseñanza que se dará gratuita hasta donde alcanzen los proventos de mi caudal.

Testamento de Fernando Blanco de Lema y Suárez Prieto, A Habana, 1875.

Deseoso del mayor adelantamiento agrícola de mi patria, es mi voluntad contribuir á él, fundando un establecimiento y Escuela Agrícola en mi país, el cual forzosamente ha de crearse dentro de los límites de la parroquia de Santa Eulalia de la Devesa […]. La fundación de esta Escuela ha de ser la misma en cuanto sea posible, que la de la Colonia Agrícola de Ruysselede en Bélgica.

Testamento de Pedro Murias y Rodríguez, A Habana, 1892.

Juan Varela Grande

Guillermo Álvarez Pérez

José Carrera Fábregas

José Policarpo Sanz

Escola de Limodre, Fene

Escolas República Argentina, Cortegada

Escola de Artes e Oficios José Carrera, Corcubión

Instituto Santa Irene, Vigo

Placa homenaxe a Abdón Alonso Alonso

Placa de Antonia Trobo y Rodríguez

Escola da Fundación Petrópolis, Estás, Tomiño

Grupo escolar de Galdo, Viveiro

Escola de Chavín, Viveiro, financiada por Manuel Seara Martínez

Escola de Moldes, Boborás, construída por José Lamas García e Concepción Carmona de Lamas

Escola de nenas de Sedes, Narón, financiada por Francisco Sabín Teijeiro

Escola de San Román de Vilaestrofe, Cervo, legado de Manuel Candía López

Pioneiros: a filantropía docente dos indianos galegos

DOAZÓNS ESCOLARES DOS INDIANOS I PROVINCIA DA CORUÑA

CONCELLO	INDIANO	PAÍS DE EMIGRACIÓN	PERÍODO*
Ares	Gaspar Vizoso Cartelle	Cuba	século XX
Baña, A	Rafael Díaz	Perú	século XIX
	Jacinto Rodríguez	Cuba	século XX
Betanzos	Juan M.ª e Jesús García Naveira	Arxentina	século XX
	Manuel Naveira González	Arxentina	século XX
Boqueixón	Manuel Sinde	Arxentina	século XX
Cee	Fernando Blanco de Lema	Cuba	século XIX
Corcubión	José Carrera Fábregas	Arxentina	século XX
Coruña, A	José Salgado	Arxentina/Uruguai	século XIX
Fene	Juan Varela Grande	Cuba	século XX
Ferrol	Eugenio Durán López	México	século XX
Malpica de Bergantiños	Anselmo Villar Amigo	Arxentina	século XX
	Francisco Villar Carracedo	Arxentina	século XX
Mañón	Francisco López de Estrada	México	século XVII
Melide	Mateo Segade Bugueiro	México	século XVII
Mugardos	Francisco Vizoso Cancela	Cuba	século XX
Muros	Simón Cambeiro Sande	Cuba	século XX
Narón	Francisco Sabín Teijeiro	Cuba	século XX
Neda	Manuel García	Cuba	século XX
Negreira	Emilio Baladrón	Cuba	século XX
Ortigueira	Vicente Lorenzo Vale	Cuba	século XX
Pino, O	Ramón e José Beis Sada	Cuba	século XX
	Francisco García Naveiro	Cuba	século XX
Rianxo	Vicente Vidal	Cuba	século XX
Santiago de Compostela	Frai Diego de Hevia	México	século XVII
	Alonso de la Peña Rivas y Montenegro	Perú	século XVII
	Mateo Vázquez	Perú	século XVII
	Gumersindo Busto	Arxentina	século XX
	Benito Novoa y Salgado	México	século XVII
Zas	Manuel M.ª Pose	Arxentina	século XX

DOAZÓNS ESCOLARES DOS INDIANOS I PROVINCIA DE LUGO

CONCELLO	INDIANO	PAÍS DE EMIGRACIÓN	PERÍODO*
Baralla	Tomás López	Arxentina	século XVIII
	José M.ª e Pedro Álvarez Saavedra	Arxentina	século XX
Cervo	Manuel Candía López	Arxentina	século XX
	José M.ª Fernández Montenegro	Arxentina	século XX
Fonsagrada, A	Luis Rico	Uruguai	século XIX
Foz	Pascual Villapol	Perú	século XVIII
Ourol	Vicente Casabella	Cuba	século XX
Ribadeo	Benigno Rodríguez-Arango y Mon	Perú	século XVIII
	Pedro M.ª e Juan Moreno Ulloa	Arxentina	século XIX
	Clemente Martínez	Arxentina	século XX
	José Acevedo Martínez	Cuba	século XX
	Pedro Murias Rodríguez	Cuba	século XX
	Jesús Rodríguez Murias	Cuba	século XX
	Pedro Martínez Rego	Panamá	século XVI
Sarria	Balbina Rodríguez de Alonso	Cuba	século XX
Sober	Belarmino Fernández Iglesias	Brasil	século XX
Trabada	Antonio Díaz Maseda	México	século XVIII
Vilalba	Manuel Peña Vidal	Cuba	século XX
	Agustín López Arias	Cuba	século XX
Viveiro	Vicente Abadín García	Cuba	século XX
	Manuel Seara Martínez	Cuba	século XX
	Melitón Cortiñas Rodríguez	Cuba	século XX
	Antonia Trobo y Rodríguez (parente en Cuba)	Cuba	século XX

DOAZÓNS ESCOLARES DOS INDIANOS I PROVINCIA DE OURENSE

CONCELLO	INDIANO	PAÍS DE EMIGRACIÓN	PERÍODO*
Allariz	Claudio Conde	Cuba	século XX
Boborás	José Lamas García	México	século XX
Carballiño, O e Cea	Irmáns Prieto Pereira	Cuba	século XX
Celanova	Domingo de Araújo Ferraz	Perú	século XVII
Coles	Ramón Varela Novoa	Cuba	século XX
Cortegada	Diego Fermín de Vergara	Colombia	século XVIII
	Guillermo Álvarez Pérez	Arxentina	século XX
Ourense	Alonso de Santana	Bolivia	século XVII
	Pablo e Antonio Abad Rodríguez	Arxentina	século XX
	Angela Santamarina de Temes (parentes)	Arxentina	século XX
Pobra de Trives, A	Eumenio Ancochea Boscossi	Arxentina	século XX
	Antonio Rodríguez Álvarez	Cuba	século XX
	Paulino Méndez	Cuba	século XX
	Manuel Rodríguez Álvarez	Estados Unidos	século XX
Punxín	Benigno Quiroga Fernández	Chile	século XX
Ramirás	Rogelio García Yáñez	Arxentina	século XX
Verín	José García Barbón y Sola	Cuba	século XX
	José André Álvarez	Arxentina	século XX
Vilamarín	Constantino Añel González	Cuba	século XX

DOAZÓNS ESCOLARES DOS INDIANOS I PROVINCIA DE PONTEVEDRA

CONCELLO	INDIANO	PAÍS DE EMIGRACIÓN	PERÍODO*
Agolada	Francisco Oro Meire	Cuba	século XX
	Pilar Martínez	Arxentina	século XX
Baiona	Lorenzo de la Carrera y Leal	Arxentina	século XVIII
	Francisco Prieto	México	século XVIII
Bueu	Francisco Nogueira	Uruguai	século XX
	José Novas Regueira	Estados Unidos	século XX
Caldas de Reis	Pedro Acuña Malvar	Arxentina	século XIX
	Fermín Mosquera	Arxentina	século XX
Cangas	José Félix Soage	Arxentina	século XX
Cotobade	José Lamas Pallas	Brasil	século XX
	Casimiro Gómez Cobas	Arxentina	século XIX
	Manuel Couceiro Vidal	Perú	século XVIII
Estrada, A	Ramón Gambino	Arxentina	século XX
	Luis Cerviño Beltrán	Arxentina	século XX
Forcarei	Manuel e José García	Arxentina	século XIX
Fornelos de Montes	Domingo da Laxe González	México	século XVIII
Gondomar	Manuel Losada Carrera	Arxentina	século XX
Guarda, A	Vicenta Rodríguez Cachada (parentes)	Porto Rico	século XIX
Lalín	Manuel, Antonio e Benito González Gamallo	Arxentina	século XX
	Marcelino Otero	Arxentina	século XX
	Gumersindo Asorey Blanco	Arxentina	século XX
Lama, A	Domingo Laxe González	México	século XVIII
	Manuel Barreiro Cabanelas	Brasil	século XX
Marín	Narciso Orelo García	Arxentina / Chile	século XIX
	Narciso Nores Salgado e familia	Arxentina / Chile	século XIX
	José Trasande Vicente	Arxentina	século XX
Meis	Ignacio Arcos Ferrand	Uruguai	século XX
Moaña	Juan Antonio Rosales	Guatemala	século XVIII
Moraña	Blas Camino	Perú	século XIX
	Manuel Blanco Bugallo	Guatemala	século XVIII
Neves, As	Francisco Cuntín de Araújo	Perú	século XVIII
Poio	Domingo Antonio García Araújo	México	século XIX
Ponteareas	José, Benito e Generoso Barcia Boente	Perú	século XX
Ponte-Caldelas	Anselmo Antonio Piñeiro	México	século XIX
Pontecesures	Manuel Vicente Moure-Buela	Arxentina	século XX
Pontevedra	Jorge de Andrade	Perú	século XVII
	Casimiro Gómez Cobas	Arxentina	século XX
Portas	José Cascallar Rodríguez	Arxentina	século XX
Redondela	José Figueroa Montero	Brasil	século XX
	Benigno Fernández González	Arxentina	século XX
	Manuel Otero	México	século XIX
Ribadumia	Manuel Martínez Alfonsín	Arxentina	século XX
Sanxenxo	Alberto Jacinto de los Reyes	Filipinas	século XVII
Salceda de Caselas	Sebastián Parcero de Gil	México	século XVII
Tomiño	Abdón Alonso Alonso	Brasil	século XX
Tui	Rosendo Fernández Alonso	Brasil	século XX
	Pedro Núñez Falcón	México	século XVII
Valga	Manuel Jamardo Casal	Arxentina	século XX
Vigo-Lavadores	Remigio Ramón Nieto Otero	Chile	século XX
Vigo	Tomás A. Alonso	Uruguai	século XX
	José García-Barbón y Sola	Cuba	século XX
	José Policarpo Sanz	Cuba / E. Unidos	século XIX
	Francisco de Sotomayor	Bolivia	século XVII
	Andrés Fernández de la Rúa	Perú	século XVII
	Domingo Antonio Martínez	México	século XVII
	Genaro Garza	México	século XVII
Vilaboa	Pascual González de Parada	México	século XVII
Vila de Cruces	Domingo A. de Otero y Vermúdez	Filipinas	século XVII
	Antonio Ramos de Soto	México	século XVII
Vilagarcía de Arousa	Agustín Romero García	Uruguai	século XX
	Andrés Fernández García	Uruguai/ Arxentina/Ecuador	século XIX
Vilanova de Arousa	José María Puceiro	Arxentina	século XX

Indiano, país de emigración, concello de pertenza e século inicial da súa achega

ENSINO PRIMARIO | OUTROS TIPOS DE ENSINO | AMBOS

Asociacionismo e instrución en destino: do prealbar á actualidade

Deseando por todos los medios imaginables, que esta Real Congregación, y los caudales que tuviere se empleen en beneficio de los naturales y originarios del Reyno de Galicia, así para su educación, como para solicitarles la conveniencia que fuere proporcionada a su habilidad y circunstancias, se determina [...] se erija en esta Corte una casa decente, con las piezas correspondientes al fin de su destino, la cual sirva de hospicio para recoger en ella los niños, y muchachos naturales, y originarios de dicho Reyno, que precisamente han de saber leer y escribir para ser admitidos.

Real Cédula de la Congregación del Apóstol Santiago, San Ildefonso, 1742; México, 1768.

No vacilamos en reconocer que a la Sociedad de Beneficencia se debe, como causa primaria, el buen concepto que ante la opinión pública reconquistaron los gallegos en la isla de Cuba, y sus fundadores merecen de todos cuantos habitamos en esta tierra la mayor y más respetuosa de las consideraciones.

Waldo Álvarez Insua, "Nuestras sociedades", *El Eco de Galicia*, A Habana, 1882.

Real Congregación del Apóstol Santiago, Madrid, 1740



Real Congregación del Apóstol Santiago, México, 1747

***El Primitivo*, Bos Aires, 1905**

Biblioteca Rosalía de Castro, do Centro Galaico de Belém, Pará, c. 1910

Secretaria de Beneficencia de Naturales de Galicia, A Habana, c. 1910

Orfeón Ecos de Galicia, A Habana, 1909

***El Gallego* de Bos Aires (1879-1880)**

***El Eco de Galicia* da Habana (1878-1902)**

Centro Gallego de Montevideo, 1927

Centro Gallego de Bos Aires, 1921



Centro Gallego de Río de Xaneiro, 1910

Sede inicial do Centro Gallego da Habana

Asociacionismo e instrución en destino: do prealbar á actualidade

As prácticas educativas na Galicia exterior, como servizo á colectividade, mantivéronse ata o presente. No seu percorrido experimentaron as variacións e adoptaron as modalidades propias de cada época, na procura de dar acaídas respostas ás demandas e necesidades dos seus destinatarios.

Proporcionar a los gallegos que carezcan de ella, sean o no socios, la instrucción primaria que es preciso para ser miembro útil de la humanidad.

Acta de Instalación, artigo 3, Centro Gallego de Montevideo, 1879.

[El Centro Galaico] tiene por fines: el socorro mutuo, el dar instrucción de lectura, escritura, contabilidad, dibujo, historia, etc. á los hijos menores de doce años de los socios; establecer cuando sea posible, una casa de salud; el facilitar colocaciones á los que no tengan en que trabajar.

Centro Galaico de Barracas al Norte, *El Eco de Galicia*, Bos Aires, 1901.

Clase de alfabetización de adultos, Casa Galicia de Bos Aires, 1921

Colexio Santiago Apóstol do Centro Galicia, Bos Aires

Grupo de alumnos da Academia "Concepción Arenal" da Delegación do Centro Gallego da Habana en Cienfuegos

Aula de informática do Colexio Santiago Apóstol, Bos Aires

Instituto Manuel Curros Enríquez da Casa de Galicia de Montevideo, c. 1970

Colexio Castelao da Hermandad Gallega de Venezuela, 2008

Cos ollos na Terra.
O compromiso colectivo nacente

En 1882 os veciños de San Sebastián de Devesos (Ortigueira) residentes na Habana contribúen a sufragar as obras de construción do cemiterio da súa parroquia. Un ano despois, fano os de San Claudio, freguesía do mesmo concello, os cales realizaron a partir de 1893 subscricións para axudar a custear as festas patronais.

O modelo foi seguido, entre algúns outros, polos fillos de San Martiño de Cerdido (1885) e polos do Valadouro (1887). E decontado polos de San Miguel de Reinante, A Baña, As Somozas, Neda, Ares, Betanzos, Ribadeo, Santalla de Vilameá (A Pontenova), Senra (Ortigueira), Recemel (As Somozas), Marín, Merza (Pontevedra), Ces (Ourense), Fragas (Campo Lameiro), As Grañas do Sor (Mañón), San Xulián da Devesa (Ribadeo), etc. Cun aparente maior grao de formalidade nominal xorden a "Sociedad Hijos de Rois" (Rosario, 1888) e o "Centro de Saviñao" (Rosario, 1892), aínda que ambas de curto percorrido.

Crear una sociedad que arbitre fondos para encauzar la agricultura por los senderos modernos y fundar algunas industrias que den más vida y prosperidad a aquel pueblo y sus limítrofes.

"Lo de 'El Valle de Oro'", *Galicia Moderna*, A Habana, 1887.

Hospital-asilo de Vilalba

Proxecto para a construción do hospital-asilo de Lalín


Sindicato de Agricultores de Luou

Cemiterio civil de Ares, 1916

Sociedad de Agricultores de Cristiñade "La Antorcha", 1923


Torre da igrexa de San Claudio, Ortigueira

Casa do Pobo de Salvaterra


Cemiterio de Lanzós

Fonte no adro de Bastavales, Brión

Cos ollos na Terra.
Panorama do ensino en Galicia

Para moitas das xentes que permanecían na Galicia do declinar do século XIX e do alborexar do XX, ler, escribir e contar adoito eran habilidades académicas superfluas ou de escaso valor utilitario para desenvolverse na vida. Á inversa ocorría para a maioría dos que se ausentaban a probar sorte fóra dos seus lares nativos, asentados polo regular en núcleos urbanos. Cando alí se atopaban, recoñecían a importancia das destrezas que a escola lles fornecía e proclamábano abertamente, comunicándollelo aos seus conveciños que aínda non emigraran, a fin de que se preparasen de maneira acaída.

Cee, c. 1912

Ferreira do Valadouro, 1910

Ortigueira, 1910

Viveiro, 1913

Devesos, c. 1912

Arredores de Lugo, c. 1915


Escolante, 1879

Recreación dunha escola de ferrado (MUPEGA)


Escola no adro dunha igrexa, 1880

Nenos galegos saíndo dunha escola, 1881

Cos ollos na Terra. Panorama do ensino en Galicia

Carece la escuela de organización y la enseñanza se da individualmente por métodos empíricos. […] Lección diaria y única, durante dos años, de lectura en el silabario y el Catón; […] para pasar luego a la clase de escritura, y a la práctica de algunas operaciones de Aritmética, si es que el Maestro se permitía adornar la inteligencia de los niños con tan rudimentarios conocimientos de la asignatura.

Informe de la Junta de Instrucción Pública de La Coruña, 1894.

Las dos mayores causas de las escasas matrícula y asistencia son: la falta de celo de los padres y la necesidad de la ayuda de los hijos.
La primera es efecto de incultura. Pero tiene por condición *que la mantiene la pobreza de* la enseñanza: *la pobreza de los medios (local y material), que no hieren la vista de los padres, y la pobreza de los resultados (enseñanza), que no hieren su entendimiento.*
Las escuelas están vacías: porque los niños no las hallan atractivas, porque los padres no las hallan útiles, y porque ni unos ni otros las hallan fáciles, es decir, accesibles a horas y días y temporadas convenientes. Al padre que necesita su hijo para ganar de comer, no se le puede contestar más que indemnizándole, manteniendo al hijo y haciéndole compatible la escuela con el trabajo [Manuel B. Cossío].

Rodrigo Sanz, *Información acerca de las escuelas primarias oficiales y particulares del municipio rural de Fene*, 1906.

ESTATÍSTICA ESCOLAR DE ESPAÑA elaborada polo Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, 1908

PROVINCIA DA CORUÑA

Concello	Escolas que debería ter segundo a Lei Moyano	Escolas públicas existentes
Abegondo	15	11
Ames	15	8
Aranga	10	6
Ares	11	4
Arteixo	18	9
Arzúa	22	12
Baña, A	15	8
Bergondo	10	5
Betanzos	15	7
Boimorto	8	5
Boiro	15	5
Boqueixón	14	8
Brión	10	6
Buxán (Val do Dubra)	10	6
Cabana	12	7
Cabanas	7	5
Camariñas	8	4
Cambre	15	8
Capela, A	10	9
Carballo	26	17
Carnota	12	7
Carral	16	6
Castro (Miño)	10	4
Cedeira	10	7
Cee	11	7
Cerceda	8	6
Cerdido	5	4
Cesuras	12	7
Coirós	4	3
Conxo	16	8
Corcubión	2	2
Coristanco	18	13
Coruña, A	46	21
Culleredo	14	8
Curtis	10	6
Dodro	5	3
Dumbría	11	9
Enfesta	14	7
Fene	11	6
Ferrol	28	11
Fisterra	10	4
Frades	12	6
Irixoa	9	6
Laracha	16	8
Laxe	5	3
Lousame	13	7
Malpica de Bergantiños	10	6
Mañón	12	7
Mazaricos	18	10
Melide	14	8
Mesía	11	7
Moeche	10	6
Monfero	15	10
Mugardos	11	3
Muros	34	13
Muxía	14	8
Narón	16	8
Neda	8	4
Negreira	17	8
Noia	16	8
Oleiros	12	9
Ordes	18	11
Oroso	9	6
Ortigueira	34	20
Oza dos Ríos	10	6
Paderne	12	5
Padrón	15	8
Pino, O	15	10
Pobra do Caramiñal, A	8	4
Ponteceso	14	7
Pontedeume	12	6
Pontes, As	10	6
Porto do Son	15	8
Rianxo	14	7
Ribeira	22	9
Rois	13	7
Sada	12	4
San Sadurniño	12	10
Santa Comba	20	11
Santiago de Compostela	30	13
Santiso	12	7
Serantes	17	10
Sobrado	10	5
Somozas, As	8	4
Teo	15	9
Toques	6	5
Tordoia	11	7
Touro	22	12
Trazo	11	6
Valdoviño	14	6
Vedra	8	4
Vilarmaior	8	4
Vilasantar	8	4
Vimianzo	22	14
Zas	18	12

PROVINCIA DE LUGO

Concello	Escolas que debería ter segundo a Lei Moyano	Escolas públicas existentes
Abadín	14	5
Alfoz	9	4
Antas de Ulla	14	3
Baleira	14	10
Barreiros	11	6
Becerreá	26	6
